



Cántame un conto

<http://museodopobo.gal/gl/fundacion-anton-fraguas/contame-un-conto>



**Museo do
Pobo Galego**

FUNDACIÓN
Antonio Fraguas Fraguas

ESTE PROXECTO CONTA CO PATROCINIO DE:



**XUNTA
DE GALICIA**



**Xacobeo 21-22
Galicia**

Obxectivo

Promover a actividade de contar contos tradicionais entre os escolares

- Aproveitar as posibilidades educativas da actividade de contar contos
- Promover o coñecemento da literatura popular galega de transmisión oral
- Incorporar a tradición oral de contar contos as actividades públicas dos centros escolares

Aproveitar as posibilidades educativas da actividade de contar contos:

- **Dotar os rapaces e rapazas de ferramentas de comunicación oral,**
 - A oralidade necesaria, que tan pouco se promove nos tempos que corren
 - Memoria, expresividade verbal e non verbal, socialización,....
- **Favorecer o uso da lingua galega en distintos contextos:**
 - Practicar a **lectura** en galego do conto tradicional.
 - Practicar o **uso oral** do galego no contexto de contar.
 - Practicar a **escrita** do galego na transcripción de gravacións orais.
 - Incrementar o coñecemento do **vocabulario** galego no relativo a diversas tópicas recollidas nos contos, por exemplo:
 - **Toponimia e microtoponimia**
 - Nomes de **plantas e animais** nas súas variantes locais
 - **Ferramentas e utensilios** de uso cotiá na contorna temporal da orixe dos contos
 - Nomes de **mitos e personaxes fantásticas** da cultura tradicional.



Aproveitar as posibilidades educativas da actividade de contar contos (2):

- **Fomentar a recollida persoal de contos tradicionais na contorna familiar ou veciñal:**
 - Fomentar a comunicación, o respecto e o intercambio interxeracional
- **Analizar, comprender e gozar dos contidos dos contos e da cultura galega que os contos representan e transmiten:**
 - Fomentar a comprensión crítica e actualizada dos textos e dos valores que reflexan
- **Aprender a reelaborar e recontar os contos que nos contaron:**
 - Seleccionar e aprender o material
 - Programar os tempos
 - Ensaiar as actitudes, ritmos e expresión corporal
 - Interactuar con cada tipo de público e medio no que se conta (na aula, no auditorio/teatro, para un vídeo...)



Promover o coñecemento da literatura popular galega de transmisión oral:

- **Dar a coñecer o patrimonio da nosa literatura popular** de transmisión oral de man dos profesionais contacontos e dos mestres e mestras.
- **Iniciar as nenas e nenos nas actividades de escoitar e contar contos tradicionais.**

Incorporar a tradición de contar contos as actividades públicas dos centros escolares:

- **Festivais, semana da tradición oral (2 - 8 novembro...) , actos arredor do Día das Letras Galegas, espectáculos de fin de curso ou Nadal,...**

Medios

- Iniciar un **repositorio de vídeos** de contos tradicionais e incorporalos ao **banco de recursos da páxina da Fundación.**
- Preparar un **repositorio de contos orixinais de informantes maiores non profesionais no APOI e enlazalos** na páxina da Fundación. Incorporar **outros recursos propios do DEAC do Museo do Pobo Galego .**
- Convocar un **certame de contar contos tradicionais galegos** nos centros escolares.



Repositorio de vídeos profesionais

- Nos que se contan contos tradicionais, como exemplo que poida empregarse na aula e como imaxe da campaña.
- Estarán incorporados ao **banco de recursos da páxina da Fundación**



Repositorio de contos orixinais

Neste caso contos de informantes maiores, non profesionais, que figurarán con ficha completa no APOI e enlazados na páxina da Fundación.

- Na súa maioría son audios e dispoñen de transcripción escrita. Se dispoñemos de vídeos, tanto mellor.
- Incorporar outros recursos propios do DEAC do Museo do Pobo Galego .



**Cóntame
un conto**



Antonio Fraguas Fraguas
FUNDACIÓN



“Cóntame un conto”

Certame de contar contos tradicionais galegos

- Os nenos e nenas **contan nas aulas e nos centros entre os do seu nivel.**
- **Algúns son seleccionados**, polo profesorado e polos seus compañeiros e compañeiras, **para representaren ao seu centro.**

**Cóntame
un conto**



Antonio Fraguas Fraguas
FUNDACIÓN
Antonio Fraguas Fraguas



“Cóntame un conto”

Certame de contar contos tradicionais galegos (2)

- Os contos seleccionados en cada centro:
 - **Filmaranse, incorporaranse e difundiranse no web da Fundación**
 - Poderanse premiar, por exemplo, facendo unha **Gala de premiados dos centros o 20 de marzo** (día mundial dos contos de tradición oral), contando as nenas/nenos xunto con profesionais.
 - Para que a gala quede ben e os nenos se acomoden, pódese preparar **unha xornada completa en Compostela (ou noutro lugar elixido) como premio**, na que os escolares compartan cos profesionais:
 - Recibiranos e terán unha sesión especial de formación.
 - Comerán xuntos e darán un paseo pola cidade
 - Acudirán xuntos ao teatro previsto e actuarán fronte ao público



ACTIVIDADES PARALELAS

Obradoiro para o profesorado

- Elaboraremos **un programa específico de formación** en relación coa actividade de contar contos tradicionais
- Pediremos o **recoñecemento** do noso **programa** a consellería de Educación para que sexa incorporado a oferta formativa pública e lle sexa adxudicada a **puntuación correspondente para o currículo** dos docentes.



Programa específico de formación

○ Elaboraremos **un programa** que traballe tópicos como as seguintes:

1. Coñecer a literatura de tradición oral de Galicia
2. Coñecer os elementos básicos do traballo de contar
3. Coñecer o traballo de compilación das fontes tradicionais
4. Analizar dun modo crítico os valores transmitidos polos contos tradicionais
5. Adestrar no traballo de contar, practicando o conto cada mestre por si
6. Adestrar no traballo de ensinar a quen conta, dirixindo e supervisando a outros participantes do curso.



Algúns aspectos do programa

1. Coñecer a literatura de tradición oral de Galicia:

- Fontes e situación.

2. Coñecer os elementos básicos do traballo de contar:

- A creación e descrición de personaxes: o corpo e a alma da personaxe
- A descrición da acción
- O gusto e a vontade de contar.

Algúns aspectos do programa (2)

3. Coñecer o traballo de compilación das fontes tradicionais:

- Os informantes na súa contorna
- As claves para achegarse ao contexto do relato
- O respecto pola tradición oral.

4. Analizar dun modo crítico os valores transmitidos polos contos:

- Fundamentalmente aqueles aspectos da cultura tradicional que poden ser vistos como máis inadecuados desde o paradigma actual: os roles de xénero, de clase social e o racismo e a relación cos animais.
- Contextualizar a tradición, actualizala e recreala.

Algúns aspectos do programa (3)

5. Adestrar no traballo de contar, practicando o conto cada mestre por si

6. Adestrar no traballo de ensinar a quen conta, dirixindo e supervisando a outros participantes do curso:

- A postura, o traballo físico do corpo
- A dicción, a oratoria e os seus recursos
- A voz e o traballo de mellora do volume, ton, ...
- As pausas e os silencios.



Procedemento e estimación de calendario

- **XUÑO / XULLO 2021**
- Xestionaremos profesionalmente mediante empresas especializadas:
 - A realización dos **primeiros vídeos** de mostra
 - A preparación da **imaxe e difusión/comunicación do certame**
 - O traballo administrativo de organización (selección para contratación temporal no museo, primeiros contactos con participantes)
 - A compilación de contos dentro das distintas coleccións do APOI do MPG.


Procedemento e estimación de calendario

- **XUÑO / XULLO 2021**
- Xestionaremos profesionalmente mediante empresas especializadas:
 - A realización dos **primeiros vídeos** de mostra



Procedemento e estimación de calendario

- **XUÑO / XULLO 2021**
- Xestionaremos profesionalmente mediante empresas especializadas:
 - A preparación da **imaxe e difusión/comunicación do certame**



**Cántame
un conto**



Antonio Fraguas Fraguas
FUNDACIÓN
Antonio Fraguas Fraguas



Procedemento e estimación de calendario

- **XUÑO / XULLO 2021**
- Xestionaremos profesionalmente mediante contratacións especializadas:
 - O **traballo de producción** (selección, contratación temporal no museo, primeiros contactos con participantes, xestión,..)
 - A **compilación de contos** dentro das distintas coleccións do APOI do MPG.

Procedemento e estimación de calendario

- **SETEMBRO / OUTUBRO 2021**
- Faremos unha **CONVOCATORIA PILOTO** entre centros coñecidos polo interese do seu profesorado e as súas propostas formativas anteriores ou mesmo pola súa colaboración previa co museo.
- Faremos un **acto público de presentación** e difusión da actividade

Procedemento e estimación de calendario (2)

NOVEMBRO 21 – FEBREIRO 22. Levaremos adiante o groso do proxecto:

- Iniciaremos as **actividades formativas e de coordinación cos centros** seleccionados
- Pediremos aos nosos **mestres e mestras do grupo piloto e aos técnicos do DEAC do MPG** un traballo de **observación, análise e crítica do desenvolvemento do certame** que nos axude a:
 - o Delimitar os elementos formativos que realmente **demanda o profesorado**
 - o Seleccionar os contidos que realmente **piden os escolares**
 - o Facer unha **avaliación de todo o proceso** e incorporar as melloras na seguinte edición
- Axudaremos na **organización dos sucesivos eventos nos centros e na recepción, análise e selección dos materiais que se vaian xerando (videos) así como a súa incorporación a páxina web da Fundación.**

Procedemento e estimación de calendario (3)

- **MARZO 22**
 - Organizaremos o evento de entrega de premios (20-3-2022)
 - Traballaremos na **avaliación final do proxecto realizado** e dispoñeremos a seguinte convocatoria.
 - Incorporaremos os **resultados do proxecto** e os materiais xerados aos fondos do DEAC para o seu emprego nas actividades educativas do Museo do Pobo Galego